

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezoito de decembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 11 de decembro de 2013.


ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase desestimar o recurso potestativo interposto contra o acordo 9/701 da Xunta de Goberno Local do 2 de outubro de 2013, relativo á legalización das modificacións de aparcadoiro de uso público e execución de obras complementarias na rúa Ánxel Fole, número 11, sotos 1,2 e 3.

Así mesmo, acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento das parcelas cos números do catastro 42, 43 e 44, do quinteiro 80467, sitas na rúa San Xosé e Calzada das Gándaras; para acondicionamento de local de planta baixa para café bar e tenda de alimentación, no edificio sito en solo urbano na praza Catasol, número 1; para a reforma e ampliación para panadería en edificación existente, construída coas licenzas de obras números 500/10 e 288/11, sita na parcela "D", Sector 1 - SUNP Norte B, avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo e para instalación de salvaescaleiras no vestíbulo do IES Lucus Augusti, sito na avda. de Rodríguez Mourelo.

2. DISCIPLINA URBANÍSTICAS.- Acórdase a resolución expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 29/12, feita con data do 29 de febreiro de 2012, dun inmovible, sito na leira das casetas, lugar de Seivane, parroquia de Tirimol e con uso principal o residencial.

Acórdase a resolución de expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 43/12, feita con data do 6 de marzo de 2012, dun inmovible sito no Vilar-Santa Comba e con uso principal residencial.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	26/12/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	JKFR6D1iuMYGP11hIzSnmw==	PÁGINA 1/3
 JKFR6D1iuMYGP11hIzSnmw==			

Do mesmo xeito, acórdase a resolución expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 142/12, feita con data do 19 de abril de 2012, dunhas construcións sitas en Carballido-Esperante e con uso residencial, almacén, deportivo e agrario.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase o recoñecemento de servizos extraordinarios realizados por unha funcionaria, adscrita á Sección de Estatística e a aprobación da forma de compensación.

Do mesmo xeito acórdase a aprobación das bases que rexerán o concurso para a provisión do posto de xefe/a do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

Acórdase a rectificación do acordo número 8/896, adoptado pola Xunta de Goberno Local o día 11 de decembro do 2013, en relación coa autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito ao servizo de contabilidade e a aprobación da forma de compensación.

Acórdase a incoación de expediente disciplinario no expediente de información reservada respecto dun funcionario municipal.


ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a incoación de expediente de incautación de garantía por incumprimento das condicións técnicas do contrato na contratación da subministración e instalación de iluminación en diversas rúas durante San Froilán 2013.

Acórdase a modificación do acordo da Xunta de Goberno Local numero 26/872, relativo o procedemento de licitación para a autorización do uso especial do dominio publico para instalación de máquinas automáticas expendedoras de bebidas frías, quentes e produtos non percedoiros nos edificios e instalacións municipais.

Tamén se acorda a desestimación do recurso especial en materia de contratación interposto na contratación do servizo de produción, apertura e vixilancia para a execución de espectáculos e actividades no auditorio municipal gustavo freire así como dos servizos de produción no Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL) e de actividades na rúa e outros lugares, organizados pola Concellería de Cultura do Concello de Lugo. Proposta de resolución.

Código Seguro de verificación:JKFR6D1iuMYGP11hIzSnmw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	26/12/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	JKFR6D1iuMYGP11hIzSnmw==	PÁGINA 2/3
 JKFR6D1iuMYGP11hIzSnmw==			


5. FACENDA LOCAL.- Acórdase estimar o recurso de reposición interposto contra a liquidación 6196519 (533/2013), xirada en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e de imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe total de 1.771,36 € de principal, pola restauración de cuberta no edificio sito na rúa camiño real, 158, por instar a bonificación do 95 por cento das respectivas cotas por substitución de materiais de cubertas.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a revisión de prezos para o ano 2014 das tarifas para os tres aparcadoiros soterrados sitos nas prazas de Santo Domingo, Ferrol e Constitución, obxecto do contrato de concesión administrativa.
- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito ó Servizo de Actas e Goberno.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:JKFR6D1iuMYGP11hIzSnmw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	26/12/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	JKFR6D1iuMYGP11hIzSnmw==	PÁGINA 3/3
 JKFR6D1iuMYGP11hIzSnmw==			